EU SON ... CAL É O NOSO ANIMAL PREFERIDO?

A actividade escollida é un “intento” de estudio estadístico cun grupo de 18 alumnos e alumnas de 3 anos do CEIP de Marcón en Pontevedra.

Desenrolase en varias sesións anteriores e posteriores ao Entroido. Nun primeiro momento falamos na asemblea de cales serán os nosos disfraces (este curso propúxose o tema “Animais” por traballalo na PDI) comentando os que coinciden. Propoñemos SABER de que irán disfrazados os demais compañeiros e compañeiras do colexio … haberá máis cans, osos, xoaniñas …? Poñémonos mans á obra para investigalo.

O seguinte paso é elixir as imaxes (as buscaremos en internet) que representarán os nosos disfraces e a continuación é o momento de ir investigar polo colexio ás demais aulas para explicar o que imos a facer na nosa aula e si poden colaborar connosco escribindo cada o nome do seu animal elixido (visitaremos ás aulas seguindo o orden numérico dos cursos)



Unha vez recollidos os datos, no seguinte día pegamos na táboa elaborada anteriormente os animais escollidos, houbo algún animal que non coñecían e aproveitamos para saber un pouquiño máis sobre el (manatí)



Nas seguintes sesións seguimos completando a nosa táboa e ao rematar o día falamos de cales animais son os que teñen a torre máis alta e chegan á conclusión que había moitos disfraces de cans, morcegos, bolboretas por iso as súas torres eran máis altas, e que o animal máis elixido no cole era o gato, “a súa torre é altísima”.





A actividade está a piques de rematar, entón pegaremos a táboa na entrada do colexio para que os demais alumnos e alumnas do cole poidan analizala e comentala nas súas aulas.

Mercedes de Heredia Martínez